



Concello de Sarria

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO ACUÁTICO DAS PISCINAS MUNICIPAIS E A IMPARTICIÓN DOS CURSOS DE NATACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA PARA A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2.017.-

I. Elementos do contrato

1. Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a prestación **do servizo de Socorrismo Acuático das Piscinas Municipais e a impartición dos cursos de natación do Concello de Sarria para a tempada de verán do ano 2.017.** A descrición, características e especificacións técnicas do servizo establecense nas prescricións técnicas.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá primeiro.

Código CPV: 9233000-3

Cada licitador deberá concurrir á totalidade dos servizos mencionados, non admitíndos ofertas parciais aos mesmos.

2. Orzamento máximo de licitación. Valor estimado do contrato.

O orzamento máximo de licitación é o que se especifica no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, que figura como Anexo I (en adiante "Cadro de Características").

Todas as ofertas deberán indicar por separado a contía correspondente ao prezo neto do contrato e, de ser o caso, a contía correspondente ao IVE. Na contratación destes servizos entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica deste prego (Anexo II).

Para a comparación do elemento "prezo" das ofertas terase en conta, exclusivamente, o prezo neto de cada unha.

O valor estimado do contrato, tendo en conta as regras do artigo 88.1 do TRLCSP, se especifica no epígrafe 2 bis do Anexo I do Cadro de Características do Contrato.

3. Financiamento

Para atender ás obrigas derivadas deste contrato, existe crédito suficiente no Orzamento Xeral da Corporación,

4. Revisión de prezos

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

Dada a duración do contrato, os prezos do mesmo non están suxeitos a revisión, ao abeiro do artigo 88.1 do TRLCSP.

5. Procedemento de adxudicación

O contrato adxudicarase polo procedemento negociado sen publicidade por razóns da contía de conformidade co artigo 174.e) e 177.2 do TRLCSP. A adxudicación realizarase previa consulta, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, facultándose a tales efectos a Alcaldía. Non obstante, de conformidade co artigo 93 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e cando así o resolva o órgano de contratación, a solicitude de ofertas a que se refire o artigo 178.1 da Lei pode realizarse mediante anuncio público ou da forma que se estableza con carácter xeral por aquel, sempre que non resulte preceptiva a publicidade no Diario Oficial das Comunidades Europeas e no Boletín Oficial do Estado ou no seu caso no da Comunidade Autónoma.

6. Consulta de pregos e obtención de copias

As persoas interesadas poderán consultar os pregos e obter copias dos mesmos no lugar que se indica no epígrafe 6 do cadro de características.

7. Capacidade para contratar

7.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera os artigos 54 e 60 do TRLCSP, dispoñan da habilitación empresarial ou profesional esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional esixida (Ver epígrafe 5 do cadro de características e cláusula 15 D) do presente prego).

7.2.- As persoas xurídicas só poderán seren adxudicatarias de contratos cujas prestacións estean estén comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios..

7.2.- Unións de Empresarios:

Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 10 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contías significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adxudicataria, deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública dentro do prazo de quince días dende a notificación da adxudicación.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

8. Anuncio e perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 8 do cadro de características do contrato.

9. Propostas: lugar e prazo de presentación.

As propostas para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, no horario sinalado e en dous sobres e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si xa o fixera individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. O incumprimento destas limitación dará lugar á non admisión de todas as proposición por el subscritas, en cumprimento do mandato do artigo 129.3 LCSP.

No suposto de que as propostas se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (982-530916) entro do prazo de licitación.

Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a proposta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

En calquera caso, transcorridos os dez días seguintes á data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación das propostas presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade destas cláusulas sen salvidade algunha.

10. Propostas: documentación.

10.1.- Sobre A): Subtitulado 'Documentación'.

No anverso do sobre figurará a mención: "Documentación para a contratación do **Servizo de Socorrismo Acuático das Piscinas Municipais e a impartición dos cursos de natación do Concello de Sarria para a tempada de verán do ano 2.017**" presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico)".

Conterá a seguinte documentación:

A) Declaración responsable- consoante ao modelo do Anexo IV- subscrita polo licitador ou o seu representante recoñecendo que cumpre os requisitos de capacidade, representación e solvencias esixidos e comprometéndose, no caso de que a proposta de adxudicación recaia ao seu favor, a aportar os documentos



Concello de Sarria

que se sinalan na cláusula 15 do presente prego de cláusulas.

B) No seu caso, compromiso de constitución de UTE .

No caso de que dúas ou máis empresas acudisen á presente licitación constitúan unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberán aportar ademais da declaración resinada no apartado anterior, documento privado con indicación dos nomes e as circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicataria, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

C) No seu caso, acreditación da inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará ante todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nela e salvo proba do contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia nas prohibicións de contratar que deban constar. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha comunidade autónoma acreditará as mesmas circunstancias para os efectos da contratación con esta, cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e outras. A proba do contido dos Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas efectuarase mediante unha certificación do órgano encargado deste, que se poderá expedir por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

10.2.Sobre B): Subtitulado “Oferta económica e demais criterios avaliábeis automaticamente”.

No anverso do sobre figurará a mención: “Oferta económica e demais criterios avaliábeis automaticamente para a contratación do **“Servizo de Socorrismo Acuático das Piscinas Municipais e a impartición dos cursos de natación do Concello de Sarria para a tempada de verán do ano 2.017”** presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono e fax)”. Incluirase:

A) Oferta económica conforme ao modelo que figura no Anexo III do presente prego de cláusulas.

No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, se rexeitará a oferta, ao abeiro do establecido no artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.



Concello de Sarria

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das propostas.

B) Memoria xustificativa das seguintes melloras posibles en relación coas mínimas esixidas, que se ofertan dentro do prezo do contrato e sen custo para o Concello, en relación cos criterios de adxudicación:

1.- Material para os cursos de natación incluído na oferta de prestación do servizo:

Material para 30 a 50 nenos (Indicar o material e o número que se ofertan)

Material para máis de 50 e ata 100 nenos (Indicar o material e o número que se ofertan)

Material para máis de 100 nenos (Indicar o material e o número que se ofertan)

2.- Uniforme para os socorristas e monitores adecuado para a execución do servizo (Indicar o material e o número de unidades que se ofertan)

3.- Cursos de ximnasia acuática (Indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir). No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora.

4.- Cursos matronatacion (Indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir). No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora.

5.- Festas fin de mes con inchables acuáticos con monitores extras. (Indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir así como o número de monitores extras que se ofertan) . No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora.

6.- Festas fin de mes con water balls e roller balls con monitores extras. (Indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir así como o número de monitores extras que se ofertan) . No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora.

11. Garantía provisional.

De acordo co disposto no art. 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

12. Documentos. Orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás propostas deberán ser orixinais, sen

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

peruizo dos documentos que podan ser compulsados polo funcionario do Rexistro Xeral no momento de presentar as proposicións.

13. Idioma.

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse como non presentados. Consideraranse documentos sen posibilidade de emenda e non poderán ser obxecto de valoración.

II. Adxudicación.

14. Apertura de plicas, proceso de negociación e proposta de adxudicación.

14.1.- Dispénsase a constitución da Mesa de Contratación de conformidade co disposto no artigo 320 do TRLCSP.

A apertura das ofertas efectuarase o día seguinte a data de finalización do prazo para presentalas, nun acto no que estarán presentes os seguintes membros:

D. Efrén Castro Caloto, Concelleiro Delegado de Deportes ou na súa ausencia ou Concelleiro Delegado que se designe pola Alcaldía.

Dña. Patricia Díaz de Freijo Resco, Auxiliar de Información Xuvenil do Concello de Sarria e na súa ausencia outra funcionario ou persoal laboral do Concello.

D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Concello de Sarria ou quen legalmente o substitúa.

Dña. M^a. Aranzazu Sastre Carracedo, Interventora Xeral do Concello ou quen legalmente a substitúa.

14.2 Apertura das ofertas e proceso de negociación.

En primeiro lugar, o órgano sinalado no apartado anterior, farán a apertura dos sobres que conteñen a documentación administrativa (Declaración responsable) e procederán a súa calificación e, no seu caso solicitarán dos licitadores que a formulen de xeito incumplimento a subsanación nos termos do artigo 81.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos, concedéndolles un prazo máximo de 1 un día hábil para efectua-las subsanacións que lles sexan requeridas.

Concluído o acto de apertura dos sobres relativos á documentación administrativa, e no seu caso transcorrido o prazo de subsanación, os membros anteriormente citados , procederán a apertura das ofertas económicas e procederá ao desenvolvemento das fases de negociación conforme ao seguinte procedemento:

1^a Fase.- O órgano encargado da negociación avaliará inicialmente as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación recollidos no anexo II, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

2^a Fase.- O órgano de contratación comunicará a cada licitador a través da dirección de correo electrónico do licitador para os efectos de comunicacións indicada

Concello de Sarria



Concello de Sarria

na declaración responsable incluída no sobre A) “Documentación”, en que posición está, especificando as puntuacións totais e, no seu caso, parciais obtidas por todas as proposicións admitidas, sen que en ningún caso poida divulgarse a identidade das persoas licitadoras.

A continuación convidará a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 24 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican na cláusula anterior (criterios de negociación).

Os licitadores deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada. Se non presentanse nova oferta ou a que presente non mellora un ou varios dos aspectos a negociar, considerarase a inicial.

As novas proposicións deberán sempre concretar a oferta que se realiza, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar ou superar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador nos criterios establecidos.

No procedemento facilitarase a mesma información a todos os licitadores. En ningún caso se proporcionará información particular que poida supor unha vantaxe para algún licitador en detrimento das outras. Co fin de garantir o principio de igualdade, o órgano de contratación habilitará o sistema que crea máis adecuado para dar publicidade de todas as consultas que se formulen ao longo do procedemento, e das correspondentes respostas, a todas as persoas interesadas .

En calquera momento do procedemento, o órgano de contratación poderá requirir aos licitadores que aclaren determinados aspectos da súa oferta, sen que poidan modificar nas súas aclaracións os elementos substanciais desta, e sempre que non se falsee a competencia.

3ª Fase.- O órgano encargado da negociación realizará a valoración definitiva conforme aos criterios estipulado no Anexo II do presente prego, e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, excepto no caso de que se constituse Mesa de Contratación con carácter voluntario, nese caso corresponderalle a este órgano realizar a proposta de contratación.

Para a formulación da proposta de adxudicación, poderanse solicitar os informes que se estimen pertinentes ao amparo do disposto no artigo 151 do TRLCSP.

Todas as actuacións que leven a cabo durante a negociación remitiranse ao órgano encargado da tramitación do expediente de contratación

14.3.- Criterios de negociación:

A negociación versará sobor dos seguintes aspectos:

- 1.- Mellor oferta económica.**
- 2.- Cursos de ximnasia acuática ofertados.**
- 3.- Cursos matronatacion ofertados.**
- 4.- Festas fin de mes con inchables acuáticos con monitores extras ofertados.**

14. 4.- Rexeitamento de propostas.



Concello de Sarria

Se algunha proposta non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposta, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que existe erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada mediante resolución motivada do órgano de contratación.

14. 5.-. Criterios de adxudicación

Os criterios de adxudicación e a súa ponderación establécense no Anexo II do presente Prego.

14.6.-Criterios de desempate.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores minusválidos (non inferior ao 2%), así como no seu caso, o número de eles que teñan a condición de traballadores fixos, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP.

14.7.-Renuncia.

A presentación oferta vincula ao contratista coa administración de tal xeito que a renuncia a adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase da tramitación o expediente faculta a Corporación a que proceda á incautación, no seu caso, da garantía provisional, sen perxuízo da esixencia de indemnización polos danos e perxuízos que puideran terse causados á administración.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionadas, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se han indicado nos parágrafos anteriores.

15. Adxudicación.

O órgano de contratación, clasificará por orde decreciente, as proposicións presentadas e que non teñan sido declaradas desproporcionadas ou anormais, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, e, requerirá ao licitador que presentara a oferta máis ventaxosa para que dentro dos dez días hábiles, que contan dende o seguinte a aquel no que recibira o requerimento, presente a seguinte documentación:

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade,



Concello de Sarria

inscritos, de ser o caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular do ámbito territorial onde estea o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados asinantes do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

B) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome da que concorre perante a administración contratante.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

O poder deberá figurar inscrito anteriormente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo regulamento do mesmo

C) Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional nos supostos nos que non sexa esixible a clasificación.

D.1.- Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira mediante un ou varios dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios⁽¹⁾ que referido ao ano de maior volume dous tres derradeiros anos concluídos que deberá ser a lo menos igual a unha vez e media ao valor estimado do contrato (35.181,83 euros).

O volume anual⁽¹⁾ de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas non Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito non devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas non rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos non Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. No suposto de referirse a exercicios respecto dos que aínda non se cumpriu o trámite de deposita-las contas nos Rexistros correspondentes poderase xustificar mediante a aportación do Modelo 347 de Operacións con terceiras persoas ou outro documento que se estime acredite o volume de negocios e que se estime axeitado polo órgano de contratación, tendo en conta que en ningún caso se computará o IVE.

¹⁾ Por volume anual de negocios debe entenderse o importe neto da cifra de negocios que figura na conta de perdas e ganancias dous modelos regulamentarios das contas anuais establecidas na lexislación mercantil. (Circular informativa 1/2015, do 1 de outubro de 2015, da Secretaría da Xunta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana, sobre vos cambios introducidos polo Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas).

No suposto de referirse a exercicios aos que aínda non se cumpriu o trámite de deposita-las contas nos Rexistros correspondentes poderase xustificar mediante a aportación do Modelo 347 de Operacións con terceiras persoas ou outro documento que se estime acredite o volume de negocios e que se estime axeitado polo órgano de contratación, tendo en conta que en ningún caso se computará o IVE.

b) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización polos riscos profesionais por un importe non inferior ao valor estimado do contrato .

D.2.- Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia técnica mediante un ou varios dos seguintes criterios :

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos do mesmo tipo ou natureza que os do obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse:

Concello de Sarria



Concello de Sarria

- ✓ mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa una entidade do sector público
- ✓ cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración orixinal do destinatario do mesmo.

A efectos de determinar a correspondencia entre os traballos ou subministracións acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato (16.418,19 euros), ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) As titulaciones académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa, e en particular do persoal responsable da execución do contrato.

O requisito mínima será o de dispoñer de alomenos de tres persoas en posesión da habilitación profesional necesaria para o exercicio profesional de socorrismo en instalacións acuáticas. Admitiranse como documentos acreditativos de tal habilitación calesquera dos seguintes:

A. Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas, establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.

B. Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

C. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

D) Resolución de inscrición e/ou renovación actualizadas da inscrición como socorristano Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos

E) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter débedas en periodo executivo co Concello de Sarria, segundo o establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, de Contratos das Administracións Públicas.

F) Documento xustificativo de haber constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución que proveñan de entidades que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveran impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fora rexeitado pola administración.

Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

G) Escritura de formalización da Unión Temporal de Empresarios. No caso de que o adxudicatario provisional sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden en que quedaran clasificadas as empresas.

O organo de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes a recepción da devandita documentación. Neste procedemento a adxudicación concretará e fixará os terminos definitivos do contrato.

A adxudicación será motivada e notificarase aos licitadores e simultáneamente publicarase no perfil do contratante, e terá o contido sinalado no artigo 151.4 do TRLCSP.

16. Formalización do contrato.

Antes da formalización do contrato, O adxudicatario deberá acreditar ante o órgano de contratación ter aboado o importe total dos anuncios de licitación e, de selo caso, o da publicación noutros medios de difusión, dentro dos límites máximos de posible repercusión establecidos **no epígrafe 12 do cadro de características.**

O contrato formalizarase en documento administrativo non máis tarde dos **quince días hábiles** seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ao licitador, na data que sinala a administración.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que no seu caso houbese esixido.

Si a causa da non formalización foran imputables á administración, indemnizarase



Concello de Sarria

ao contratista dos danos e perxuízos que a demora poidese ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sin a súa previa formalización.

A proposta de mellora aceptada, de ser o caso, polo órgano de contratación na adxudicación formará parte do contrato, debendo, para tal efecto, recollese expresamente no mesmo. Simultaneamente coa sinatura do contrato deberá ser asinado polo adxudicatario o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas, que formarán parte do contrato como anexo ao mesmo.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante, conforme ao artigo 154.1 do TRLCSP.

17. Gastos de anuncios e tributos

O adxudicatario estará obrigado a aboar os gastos de publicación de anuncios en Diarios Oficiais, así como nun diario de prensa (por unha soa vez) de igual xeito deberá aboar os tributos que pesen, no seu caso, sobre o contrato ou sobre o obxecto do contrato.

III. Execución do contrato.

18. Responsable do contrato. Execución do contrato

18.1.- Responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física o xurídica.

A designación ou non do responsable do contrato, e o exercicio ou non polo mesmo das súas facultades, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas a orde directa do mesmo.

O nomeamento do responsable do contrato será comunicado por escrito ao contratista no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato e, de ser o caso, a súa substitución en idéntico prazo, desde a data na que se producira.

O responsable e os seus colaboradores, acompañados polo delegado do contratista, terán libre acceso aos lugares onde se realice o servizo.

O contratista, sen custos adicionais, facilitará á administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información, que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

18.2.- Execución do contrato.

Con carácter previo á data de comezo da execución do contrato prevista no



Concello de Sarria

presente prego de cláusulas, o adxudicatario deberá presenta-la seguinte documentación:

- 1) Relación detallada do persoal que o licitador vai destinar á execución do contrato acompañada das titulacións habilitantes esixidas no prego de prescricións técnicas e na lexislación sectorial de aplicación respecto das actividades que se desenvolverán en relación co obxecto do contrato.
- 2) Os medios materiais que se van destinar á prestación dos diferentes servizos.

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos de cláusulas administrativas e pregos de prescricións técnicas, sen perxuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor da administración.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente lexislación, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificarlos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos de ista.

O contratista será o responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzcan para a administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorretas na execución do contrato.

Coa extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do órgano de contratación.

19. Calidade dos servizos.

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións máis óptimas de calidade utilizando os medios persoais e materiais máis axeitadas para garantir a súa óptima execución.

O Concello poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarios.

20. Recepción da prestación.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción.

A estos efectos, o contratista terá dereito á coñecer e ser oído sobre as observacións que se lle formulen.



Concello de Sarria

O pagamento dos pagos periódicos non supón que o órgano de contratación teña aceptado que a prestación foi realizada de conformidade coas disposicións legais e os documentos contractuais.

Se os traballos efectuados non se axeitan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitar a mesma quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, de ser o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

21. Cumprimento normativa laboral , de seguridade social e de protección xurídica do menor.

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

Será total responsabilidade do concesionario axusta-las condicións de traballo do persoal ao disposto na lexislación e convenios laborais vixentes. Por elo o Concello queda totalmente exento de responsabilidade nas relacións laborais entre a entidade adxudicataria e o seu persoal.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegar e adquirir dereito xurídico nin de emprego algún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin tampouco se poderá ser alegado como determinante de perspectiva de dereitos nin siquera de preferencia para futuras contratacións, nin esixirse a esta Administración, responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración , contratista e o seu persoal.

A empresa adxudicataria comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

O/a adxudicatario/a queda obrigado/a, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos



Concello de Sarria

traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, agás aqueles que, se é o caso, se indiquen no prego de prescricións técnicas.

En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto. O adxudicatario se compromete a cubri-las baixas que se produzan no persoal que ocupa os postos de traballo por causa de vacacions, enfermidade, accidentes, etc. Na súa oferta consideraranse incluídas as previsións económicas e doutra índole para ditas suplencias.

Tanto a entidade adxudicataria como o persoal dependente dela adscrito á prestación do servizo deberá cumprir estritamente o disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1.996 de 15 de Xaneiro, de Protección Xurídica do Menor e, no seu caso, no artigo 8.5 da Lei 45/2015 de 14 de outubro de voluntariado.

22. Dereitos do adxudicatario. Abono da prestación. Procedemento para facer efetivas as débedas das administracións públicas.

22.1.-O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo convido, de acordo co establecido neste Prego e en correspondencia cos traballos efectivamente realizados e formalmente recibidos pola administración.

O prazo sinalado na presente cláusula se computará a partires da data da comprobación formal da realización parcial do contrato. A tal efecto, o contratista deberá presentar, cunha periodicidade mensual, ao responsable do contrato unha memoria das prestacións realizadas na que conste o número de persoas que desempeñaron cada un das prestacións contratadas durante o mes anterior. Achegará, de ser o caso, un informe completo das incidencias presentadas.

Así mesmo, o contratista deberá ter presentada a correspondente factura no Rexistro Xeral no momento da realización da comprobación formal descrita no párrafo anterior. Se a Administración recibe a factura con posterioridade á comprobación formal, o prazo de pagamento comenará a partires da data de recepción da factura no Rexistro Xeral Municipal.

A presentación tanto do documento de comprobación formal como a factura non producirá efectos si contivesen erros ou omisións ou non se terían presentadas no Rexistro Municipal.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

O prezo aboarase de conformidade co disposto polo art. 216 do TRLCSP en relación coa disposición transitoria oitava do mesmo texto legal .

A realización do servizo por importe superior ao previsto, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte a gasto correspondente.

22.2.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

22.3.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.

22.4.- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

22.5.- Procedemento para facer efektivs as débedas das Administracións Públicas.

Transcorrido o prazo sinalado no apartado 22.1, os contratistas poderán reclamar por escrito ó Concello, o cumprimento da obriga do pagamento e, no seu caso, dos intereses de demora. Si transcorrido o prazo dun mes, a Administración non contestara, entenderase recoñecido o vencimento do prazo de pagamento e o interesado poderá formular recurso contencioso-administrativo contra a inactividade da Administración, poidendo solicitar como medida cautelar o pagamento inmediato da débeda. O órgano xudicial adoptará a medida cautelar, salvo que a Administración acredite que non concurren as circunstancias que xustifican o pagamento ou que a contía reclamada non corresponde á esixible, limitándose a medida cautelar a ésta última contía, neste caso.

A sentenza condeará en costas á Administración demandada no caso de estimación total da pretensión de cobro.

23. Prazo de duración do contrato. Prórroga do contrato. Período de execución das prestacións.

23.1. Prazo de duración do contrato. Prórroga do contrato.

O prazo de execución será o establecido no Epígrafe 4 do Anexo I deste prego.

A data de inicio de execución do contrato será o día 19 de xuño de 2017. O término do contrato será o día 10 de setembro do 2.017. Non obstante, por circunstancias xustificadas, poderase prorrogar por un prazo non superior a un mes a contar dende a data de remate do período inicial.

Concello de Sarria



Concello de Sarria

24. Réxime de penalidades do contrato.

24.1. Son infraccións na execución do contrato:

1. Son infraccións moi graves as seguintes:
 - a. A paralización indefinida ou a non prestación do servizo.
 - b. A interrupción da prestación do servizo de modo reiterado ou sistemático.
 - c. A desobediencia reiterada ás ordes dadas polo responsable municipal do contrato respecto da ordenación, forma ou réxime de prestación do servizo ou o impedimento das labores de control e fiscalización do responsable do contrato e da Intervención Municipal.
 - d. A subcontratación da prestación que constituen o obxecto do contrato, sen autorización previa do Concello.

2. Son infraccións de carácter grave as seguintes:
 - a. O feito de incumprir os prazos establecidos no programa de prestación do servizo ou das quendas de persoal aprobadas pola administración cando non supoña falta moi grave.
 - b. O incumprimento das quendas de persoal aprobadas pola administración.
 - c. A obstrución do control e fiscalización do responsable do contrato e da Intervención Municipal o cando non sexa cualificada como falta moi grave.
 - d. Incumprimento das ordes ditadas polo Concello de Sarria no exercicio da súa potestade de dirección do servizo, sempre que non teñan a condición de falta moi graves.
 - e. A deficiencia ou mal estado do material para realizar os servizos ou a non reposición ou reparación do material inservible ou en mal estado de uso, sempre que non implicase falta moi grave.
 - f. O incumprimento dos requisitos relativos á subcontratación, cando no supoñan falta moi grave.

3. Son infraccións de carácter leve as seguintes:
 - a. O incumprimento das obrigas de respectar nas quendas do persoal.
 - b. Son infraccións leves todas as demais faltas non cualificadas como graves ou moi graves e que supoñan o incumprimento das condicións estipuladas no presente Prego así como no de Prescricións Técnicas.

24.2. Das penalidades a impor polas infraccións cometidas polo concesionario.

1. As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de até 300 Euros.
2. As infraccións graves sancionaranse con multa de entre 300,01 Euros até 3.000 Euros.
3. As infraccións moi graves sancionaranse con multa entre 3000,01 Euros até 6.000 Euros ou a resolución do contrato.



Concello de Sarria

24.3. Proporcionalidade da sanción.

Na determinación da infracción e sanción se gardará a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicable, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción a aplicar:

- a. A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b. A reincidencia, pola comisión de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se teña declarado por resolución firme.
- c. A natureza dos perxuicios causados no servizo público ou aos intereses xerais.

24.4. Do procedemento para a imposición de penalidades.

A imposición de penalidades axustarase aos principios que rixen o procedemento sancionador e sempre con audiencia ao interesado.

25. Modificacións do contrato.

Segundo o establecido no artigo 219 do TRLCSP, só poderá modificarse este contrato cando se den os seguintes supostos de feito:

1. A ampliación da oferta educativa de natación nas piscinas.

Unha vez que se perfeccionara o contrato o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo polas razóns anteriores, e de acordo co disposto no art. 219 do TRLCSP, debendo formalizarse en documento administrativo estas modificacións con arranxo ao establecido no art. 156 do TRLCSP.

26. Prazo de garantía.

Dadas as características da prestación obxecto do contrato, non se exigirá prazo de garantía.

27. Condicións específicas de execución do obxecto do contrato.

A. O adxudicatario deberá preceptivamente obter a autorización previa do responsable do contrato para realizar cambios no persoal encargado da prestación do servizo.

B. Será pola conta do contratista indemnizar tódolos danos e perxuizos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, de conformidade co previsto no artigo 214 do TRLCSP.

C. O contratista do servizo deberá manter en bo estado e reparar ou repoñer, no seu caso, as instalacións e os bens cedidos para o seu uso.

D. A subcontratación neste contrato só poderá recaer sobre prestacións accesorias. En ningún caso poderá o adxudicatario subcontratar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.



Concello de Sarria

E. O contratista do servizo terá a obriga de presentar toda a información que lle requira a administración contratante sobre a prestación do servizo, así como facilitar ao responsable do servizo tódala colaboración que precise para a comprobación da axeitada prestación das actividades obxecto do contrato.

F. Toda a información facilitada pola administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a administración llo autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

G. O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, no seu remate e con posterioridade ao mesmo, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.

H. O Concello terá o dereito de uso por tempo indefinido e con ámbito mundial de todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizados con motivo do presente contrato, podendo dispoñer en consecuencia dos mesmos para calquera fin ou actividade de interese municipal que estime oportuno.

I. Establécese como unha condición especial de execución do contrato en consideración do principio de igualdade entre os homes e as mulleres, que na planificación das quendas de persoal se preste especial atención ás necesidades de conciliación da vida persoal e familiar. Estas quendas deberán respectar o descanso axeitado do persoal e deberán ser compensados (semán-fin de semán).

J. O persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal tendrá tódolos dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante, allea as devanditas relacións laborais. Constituirá así mesmo condición especial de execución do contrato aos efectos do disposto no artigo 118 do TRLCSP, o feito de que todo o persoal do adxudicatario ao que lle corresponda a realización das actividades comprendidas no obxecto do contrato (incluído o voluntario no seu caso), cumpla o requisito establecido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1.996 de 15 de enero, de Protección Jurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, introducido pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia.

28. Causas de resolución

Serán as causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP e a prevista na cláusula 24.2.3 do presente prego.

IV. Prerrogativas da administración e réxime xurídico.

29. Prerrogativas da administración

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución

Concello de Sarria



Concello de Sarria

por causa de utilidade pública, indemnizando, de ser o caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

30. Réxime xurídico

O presente contrato de servizos ten carácter administrativo e rexirase por lo previsto polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 18 de novembro (TRLCSP) polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público, el Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, de desarrollo parcial da Lei de Contratos do Sector Público e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, logo de interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente.

Sarria na data que dixitalmente se fai refrexar ao marxe
O CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES
(Documento asinado dixitalmente)



Concello de Sarria

Anexo I. Cadro de Características do Contrato.

0. Regulación harmonizada	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada	X				
	b) contrato suxeito a regulación harmonizada					
1. Obxeto.	A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO ACUÁTICO DAS PISCINAS MUNICIPAIS E A IMPARTICIÓN DOS CURSOS DE NATACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA PARA A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2.017					
1.bis. Codificación.	Código CPV. contratos.	9233000-3				
2. Prezo do contrato	A) Prezo sen IVE	23.454,55 euros				
	B) Imposto sobre valor engadido	4.925,45 euros				
	C) Prezo total	28.380,00 euros				
2. bis. Valor estimado do contrato (incluída as prórrogas)	23.454,55 euros.					
3. Prazo de execución do contrato.	Periodo previsto comprendido entre o 19 de Xuño do 2.017 e o 10 de setembro do 2.017.					
5. Solvencia económico-financieira e técnica.	Deberá acreditarse coa documentación relacionada na cláusula 15.D1) e 15.D2) do prego.					
6. Forma e medio de consulta e lugar de presentación	Consulta: Concello de Sarria, luns a venres, de 9 a 14:00 horas e Presentación: Rexistro de entrada do Concello de Sarria, sito en Rúa Maior, 14, 1ª Planta. 27.600 SARRIA (LUGO). Horario do Rexistro de luns a venres de 9 a 14 horas.					
7. Prazo de presentación de proposicións	Mínimo de CINCO (5) días hábiles a partir do seguinte ao da recepción da invitación ou no seu caso dende o da publicación no perfil do contratante correspondente.					
7.bis Publicidade da licitación (indicar a opción elixida)	Concorrenza por invitación					
	Publicidade mediante anuncio no BOP					
	Publicidade mediante anuncio no perfil de contratante					
	Publicidade mediante anuncio nun xornal dos de maior tiraxe.					
8.- Publicidade do procedemento	8.1 Perfil do contratante: www.sarria.es (Perfil do contratante)					
	8.2 Publicación de adxudicación: Perfil do contratante.					
	8.3. Publicación da formalización (indicar a opción elixida):					
	a) en BOP					
b) en perfil de contratante			X			
9. Garantía definitiva	5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido					
10. Taxas do contrato	Formalización: 30 Euros, mailos derivados no seu caso da publicación en xornal.					
11. Revisión de prezos	Non.					
12. Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación a conta do contratista	A. Diarios oficiais	Sí	Non	Tarifa urxente	Sí	Non
	0,00€	BOP	x	BOP		X
	0,00€	DOG	x	DOG		X
	0,00€	BOE	x	BOE		X
	0,00€	PRENSA				
13. Prazo de garantía	Non se establece.					

Concello de Sarria



Concello de Sarria

14. Variantes ou melloras	Non se admite a presentación de variantes ou melloras	X
----------------------------------	---	---

Anexo II. Criterios de adxudicación

Os criterios para a adxudicación do procedemento negociado sen publicidade con negociación previa, son os seguintes:

1.- Oferta económica: Asignarase 12 puntos á mellor oferta económica sen ter en conta o IVE, e o resto de xeito proporcional. As que non melloren o prezo de licitación asignaráselles 0 puntos

2.- Material para os cursos de natación incluído na oferta de prestación do servizo : Máximo 2 puntos desglosado na seguinte forma:

Material ofertado para 30 a 50 nenos: 0,25 puntos (Deberase indicar o material e o número que se ofertan)

Material ofertado para máis de 50 e ata 100 nenos: 0,75 puntos (Indicar o material e o número que se ofertan)

Material ofertado para máis de 100 nenos : 1 puntos (Indicar o material e o número que se ofertan)

Asignarase a maior puntuación a quen formule mellor oferta e o resto puntuarase de xeito proporcional. A que non oferte ningún material asignarásenlle 0 puntos.

3.- Uniforme ofertado para os socorristas e monitores adecuado para a execución do servizo: Máximo 2 puntos. (Deberase indicar o material e o número de unidades que se ofertan)

Asignarase a maior puntuación a quen formule mellor oferta e o resto puntuarase de xeito proporcional. A que non oferte ningún material asignarásenlle 0 puntos.

4.- Cursos de ximnasia acuática ofertados: Máximo 2 puntos.(Deberase indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir).Asignarase a maior puntuación a quen formule mellor oferta e o resto puntuarase de xeito proporcional. No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora e asignarásenlle 0 puntos

5.- Cursos matronatación ofertados: Máximo 2 puntos. (Deberase indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir). Asignarase a maior puntuación a quen formule mellor oferta e o resto puntuarase de xeito proporcional.No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora e asignarásenlle 0 puntos

6.- Festas fin de mes con inchables acuáticos con monitores extras que se ofertan: Máximo 2 puntos. (Deberase indicar expresamente se se oferta e o

Concello de Sarria



Concello de Sarria

número deles que se van impartir así como o número de monitores extras que se ofertan).Asignarase a maior puntuación a quen formule mellor oferta e o resto puntuarase de xeito proporcional. No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora e asignarásenlle 0 puntos

7.- Festas fin de me mes con water balls e roller balls con monitores extras: Máximo 2 puntos. (Deberanse indicar expresamente se se oferta e o número deles que se van impartir así como o número de monitores extras que se ofertan) . Asignarase a maior puntuación a quen formule mellor oferta e o resto puntuarase de xeito proporcional.No suposto de que non se indique expresamente a súa impartición, considerarase que non se oferta tal mellora e asignarásenlle 0 puntos

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores discapacitados superior ao 2% de conformidade co establecido na disposición adicional 4ª do TRLCSP.



Concello de Sarria

ANEXO III. Modelo de oferta económica

D/ D^a _____ con domicilio en _____ rúa
_____ núm. _____ teléfono _____ e correo electrónico
_____, con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.
_____ actuando en nome propio (ou en representación de
_____ DNI ou CIF núm. _____ e con domicilio en
_____ rúa _____ núm. _____ teléfono _____) toma
parte no procedemento para a adxudicación, mediante procedemento aberto con un
único criterio de adjudicación do **Servizo de Socorrismo Acuático das Piscinas
Municipais e a impartición dos cursos de natación do Concello de Sarria para a
tempada de verán do ano 2.017**, e para cuíos efectos fai constar:

1º.- Que ofrece o seguinte prezo :

- A) Prezo neto (sen IVE).....euros.
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE).....euros.
- X) TOTAL (A+B).....euros.

3º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas
administrativas particulares e de Prescripcíons Técnicas que rixen o presente contrato.

4ª Que achega a documentación xustificativa dos demais criterios de
adxudicación.

_____, de _____ de _____ de 2017.-

O licitador (asinado e rubricado)



Concello de Sarria

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE CONTRATOS DE SERVICIOS SOBRE A)

D....., con DNI nº....., en nome propio ou en representación da sociedade....., con NIF nº....., de acordo coa escritura de poder.....(ou documento que o habilite para actuar en nome da persoa xurídica a que representa), para os efectos de contratar co Concello de....., DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

I.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional, necesaria para concertar co Concello de Sarria a execución do contrato correspondente ao servizo de “ **Servizo de Socorrismo Acuático das Piscinas Municipais e a impartición dos cursos de natación do Concello de Sarria para a tempada de verán do ano 2.017**”. O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo.... dos seus estatutos sociais, estatutos que se achán correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

II.- Que igualmente coñezo o prego de cláusulas, o de prescricións técnicas e demais documentación que debe rexer o presente contrato, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen excepción algunha.

III.- Que e nin eu persoalmente nin a empresa á que represento nin os seus administradores ou representantes están incurso nas prohibicións para contratar previstas no artigo 60, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante, TRLCSP)

IV.- Que a empresa cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, e está ao corrente de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, tal como acreditarei no seu caso antes da adxudicación do contrato.

V.- Que a empresa á que represento sométese expresamente á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle.

VI.- Que a empresa á que represento NON / SI (márquese o que proceda) ten un número de 50 ou máis traballadores, (en caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de...., o que supón un.....% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente, segundo o caso), significando que se supliu a esixencia legal de dispoñer no equipo con máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

Concello de Sarria



Concello de Sarria

VII.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración dos produtos e/ou servizos, así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da UE, así como das disposicións de Dereito internacional sobre estas materias subscritas pola Unión Europea.

VIII.- No caso de empresas que concorran en Unión Temporal de Empresas (UTE):

- Que a empresa a que represento comprométese a concorrer conxunta e solidariamente ao procedemento para a adxudicación do contrato e a constituírse en Unión Temporal en caso de resultar adxudicatarios do citado contrato, coa seguinte porcentaxe ____%.

- Que todos os participantes designan, durante a vixencia do contrato e, para que ostente a representación da UTE ante o órgano de contratación a Don/Dona _____ con DNI _____ teléfono _____ fax _____ da empresa

Que igualmente designan como domicilio único e válido para as notificacións o seguinte _____

IX.- No caso de empresas vinculadas:

-- Que na licitación convocada concorren presentando diferentes proposicións empresas vinculadas de conformidade co disposto no artigo 42.1 do Código de Comercio.

-- Que a empresa dominante e as dependentes que concorren á presente licitación son as seguintes:

Empresa Dominante	(concorre/non concorre)
Empresas dependentes que concorren á licitación	

X.- Que adquiero o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a correcta execución do obxecto do contrato.

XI.- No caso de se tratar dunha persoa xurídica e aos efectos do disposto no artigo 64.1 do TRLCSP, fai consta-los nomes e a cualificación profesional do persoal responsable da execución da prestación obxecto do contrato:

Nome e apelidos	Cualificación profesional

Concello de Sarria



Concello de Sarria

XII.- Que autorizo ao Concello de Sarria a remitirme as comunicacións e convocatorias que procedan respecto desta licitación por medio do correo electrónico _____, quedando obrigado a confirmar, no seu caso, polo mesmo medio a recepción.

XIII.- Que de resultar adxudicatario propondrá un coordinador da entidade cos Servizos Municipais, e formulará unha relación detallada do persoal con titulación, habilitación e experiencia profesional que o licitador vai destinar á execución do contrato (que deberá cumprir cos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas ou na lexislación sectorial de aplicación), indicando as actividades que desenvolverá cada un dos compoñentes.

XIV.- Comprometome a poñer a disposición do Concello sen custo para este, dos medios materiais que se van destinar á prestación dos diferentes servizos así como presta-los servizos e demais prestacións que formula como melloras respectos dos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

XV.- Que todo o persoal dependente desta Entidade, ao que lle corresponda a realización das actividades comprendidas no obxecto do contrato (incluído o voluntario no seu caso), cumpla o requisito establecido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1.996 de 15 de enero, de Protección Jurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, introducido pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e a adolescencia.

O que declaro aos efectos do previsto no art.146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido , no caso de que vaia resultar adxudicatario do contrato., indicando que posúo todos estes requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente o Concello de Sarria á súa verificación directa.

En...., a.... de..... de.....

Asdo: